


FERROL
ABRIL DE 2003

Planeta Lingua

Nº 5

Equipo de Normalización Lingüística do I.E.S. S. CASANOVA

Existir é pensar, e pensar é comprometerse. José Bergamín



FOGAR DE BREOGÁN: ¿DESPERTAS DO TEU SONO?



GOLPE DE ESTADO MUNDIAL



Poemas gañadores do X CERTAME DE RECITADO DE POESÍA RICARDO CARVALHO CALERO

PALABRAS CALADAS

Palabras caladas,
Palabras adormecidas entre perda e perda,
De nada valen.
Porque a verdadeira esperanza da vida
É levantarte e sentila na túa cara,
Sentir o seu suave arrecendo,
Cheo de ánimos, e ganas de abrir as súas portas,
Cara a un novo día, e cara a unha nova loita.

¿Quen cre que a vida só son esperanzas e soños?
¡Ilusos!
Ese, pechouse en si mesmo e agachouse na súa
Propia derrota.

Porque todo o que nace e morre é presa da vida,
E como non pode escapar do seu terreo,
Loita nel.
Se te somerxes,
E deixas que te coma a vida,
Se abandonas tódolos teus esforzos e esperanzas,
E toda a túa alegría, e deixas que saian do teu
corazón.
Se de verdade os esqueces.
Se te deixaches cazar
E caíches coma un can,
Entón, estás perdido na túa propia batalla:
A VIDA.

Raquel Ferrández Formoso

A MIÑA TERRA

Xunto ó mar da miña terra,
Ferido de dor negra,
Oín chorar a unha vella
Que acordou o meu corazón.

Sentín a dor nos meus brazos
Tralo traballo, a decepción
De ver sufrí-las aves,
E ver sufrir o meu redor.

A vella lembrou en min
Pasados felices e futuros tristesiros.
Non sei se voltarei aquí
Por lembranzas do meu mundo, do meu ceo.

Lembrei a miña vida,
E tódalas cousas perdidas...
Malia todo, o futuro chega, a cada segundo
E posiblemente... recuperarei o meu mundo.

O meu mundo, a miña xente,
A miña terra, as lembranzas,
O meu espírito, o meu camiño,
A luz.... a confianza.

Patricia Ovies Pastor

Nestes últimos meses todos os galegos e galegas fomos conscientes da catástrofe que afectou ás nosas costas. Foi un trece de novembro cando o petroleiro *Prestige* tinxiu de loito as nosas vidas. Posiblemente encerrámonos en sentimentos de rabia contra eses mandatarios políticos responsables da desgracia. Esquecemos a felicidade e calquera cousa que nos lembrara a harmonía coa que se vivía na nosa terra.



calquera cousa que nos lembrara a harmonía coa que se vivía na nosa terra.

Mais no mundo, paralelamente, ocorren outros acontecementos que eu mesma esquecín. Quizais haberá unha guerra ¿e para que? Non entendemos o que falan os demais. Iso é incompreensión e indubidablemente a xente das cidades ameazadas está nestes momentos a sentir a impotencia e a rabia que nós sufrimos co *Prestige*, agás que a súa vida periga.

Estas razóns, ou máis ben sen razóns, que ten a vida, debemos evitalas. Malia que o mundo siga tirando arredor do Sol, os nosos corazóns centraranse na única dirección que nos leva á felicidade, a harmonía entre todos nós.

Nunca máis ás incompreensións.

Patricia Ovies Pastor

**DÍAS
DE
LOITO**

2003, O ANO DE ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS



Este ano 2003, está dedicado ao escritor e poeta Xosé Antón Avilés Vinagre, literariamente coñecido por **Antón Avilés de Taramancos**. Naceu preto de Noia, na aldea de Taramancos, parroquia de Boa, en 1935. Fillo dunha familia de labregos e mariñeiros, a súa biografía está marcada pola emigración aos países andinos, maiormente Colombia, onde foi labrador, contrabandista, cazador e traficante de cabezas reducidas.

Antes da súa marcha, en 1960, entrou en contacto na Coruña cos círculos culturais, artísticos e da bohemia da época, xente toda ela vencellada ao nacionalismo de esquerdas, coas que traballou arreo pola recuperación da nosa lingua.

Volve para a Terra en 1980 e establécese de taberneiro en Noia, onde rexenta unha taberna medieval no centro da vila. Reinicia a súa actividade militante no eido cultural, organiza a Asociación Cultural Catavento e promove a Coordinadora de Asociacións Culturais do Barbanza e remata por asumir a Concellería de Cultura do Concello de Noia baixo o goberno nacionalista desde 1987 ao 1991.

Logo de ternos deixado unha poesía poderosísima, de profundos ecos épicos, elexíacos e corais, anegada de amor pola vida, a patria, a liberdade e a materia, morre na Coruña en 1992.

Esta é a súa obra poética:

As moradias do vento (Revista Atlántida, A Coruña, 1955)

A fruta e o garmelo (Moret, A Coruña, 1958)

O tempo no espello (Edicións do Castro, Sada, 1982), este volume

inclúe ademais dos dous primeiros libros os titulados Poemas a Fina Barrios (1959), Poemas soltos a Maricarme Pereira (1961) e Os poemas da ausencia (1961-1981)

Cantos caucanos (Sotelo Blanco, Barcelona, 1985)

As torres no ar (Sotelo Blanco, Barcelona, 1989)

Antoloxía poética (Editorial Compostela, Santiago, 1992)

Última fuxida a Harar (Espiral Maior, A Coruña, 1992)

Con Cantos caucanos acada o Premio da Crítica e con Última fuxida a Harar, obra póstuma e testamento poético, obtén en 1993, logo da súa morte, o Premio da Crítica Galega.



Miña Patria:

Eu son o teu soldado máis forte.
A túa lingua é a miña espada
e cando debullo unha canción
cando florece unha palabra
canta en min o labrego cavador
o emigrante e o poeta,
o mariñeiro
o home que amasa o pan e moxe o leite.
¡Non son un home: Son un pobo
E ninguén me pode domear!

De O Tempo no espello.

Sara Madrigal



Apiques de comezar a guerra, esa guerra, promovida por ese benfeitor da humanidade, ese xenio, ese pequeno grande home chamado G.W. Bush, preguntámonos: ¿Cal é o papel de cada un dos personaxes e países neste conflito?

Hai para todos os gustos. De momento pódese falar de varios bandos. O dos filioianquis, que apoian a guerra pero con pegas, o dos que están contra a guerra, que seguindo a lóxica americana serían o eixo do mal (nota: entón, segundo esto, a paz é mala), e o dos ultraianquis que, con fidelidade ás directrices de Bush, obedecen, cren e combaten por América (esta é a máxima do fascismo); neste grupo atópase por desgracia o noso presi, o almirante Ansar, coma di o seu amigo Georgiño. Cando escoitei que Aznar apoiaba aos EE.UU., reconeço que actuei con cautela. O primeiro que pensei foi: calma, seguro que se fai algo aparentemente tan estúpido é porque ten algún as na manga, ¿Xibraltar?, ¿solución milagreira contra ETA?... Pero cando comeza a dicir cousas como que a xente ten que crer nel sen dar motivos (vamos, ter Fe nel), ou iso de que España non se pode manter fóra da historia, cáseque me dá un ataque. Se quere facer historia, ese non é bo camiño. Se quere pasar á historia coma o presidente que provocou o odio árabe contra nós, pois maldita a súa ambición pseudo-imperialista. Se vai humillar a nosa nación fronte a un dos inimigos nosos de toda a vida só por un pouco de petróleo e, o que é peor, se vai matar xente dun país anteriormente amigo por iso mesmo, menos mal que me están vedados os insultos, porque neste caso éme imposible usalos pois non hai palabra no vocabulario capaz de reflectir todo o que o noso presidente é.

Pero claro, Aznar asegura que apoia a democracia, e con iso parece que xa vale. A democracia de EE.UU., a única na que o poder non emana do pobo, senón das empresas. Caso increíble. Baste dicir que esta guerra é puramente empresarial, promovida polo Lobby petroleiro que subvenciona os candidatos que compiten por ocupar a Casa Branca. Tal é así que, incluso as vacas sagradas da democracia ianqui —comezando polo seu presidente e acabando polo ministro de defensa—, son empresarios da industria petroleira. ¿Que credibilidade poden ter? Cero.

Pero o peor non é iso, o peor é que mediante o sistema da O.N.U., (que dende logo o seu inventor merece o nóbel ao Imperialismo) permítese indirectamente que os países máis débiles do Consello de Seguridade se vexan chantaxeados economicamente polos intereses que USA ten neles. Na guerra do Golfo Iemen votou contra a guerra. Despois da votación o representante norteamericano achegouse ao representante Iemení e díxolle: —Felicidades, acaba de tomar a decisión máis cara da historia do seu país. Resultado: Iemen é, na actualidade, o país árabe máis pobre e está dentro do famoso eixo do mal.

Cando ves a todos estes políticos norteamericanos defendendo a guerra, estás a ver o maior exemplo de cinismo político do século. Os EE.UU. están a organizar unha guerra que, se non fora polo pobre pobo Iraquí, desexaría que lles fora o máis longa e sanguenta posible, é dicir, que a guerra do Vietnam parecera unha excursión ao monte.

TERRA E PETRÓLEO

(Nota: quen saiba algo do universo starwars, queda convidado a comparar a Bush co chanceler supremo Palpatine e o senado coa ONU. Quen saiba algo de historia saberá que vai pasar, quen a descoñeza, non o tardará en saber.)



Logo, na outra banda, están os países opositores ao ataque, Francia e Alemaña principalmente. Non quero ser mal pensado pero Francia está construíndo en Iraq a maior mezquita do mundo, unha inversión millonaria, e Alemaña está con problemas económicos. Non quero ser pesimista pero parece que a súa oposición non é mero altruísmo.

Por último falarei de Sadam. Vou pactar co díaño e direi as súas vantaxes. Para comezar, ¿cantas democracias hai en Oriente Medio? A cifra rolda o cero, pero non só iso, senón que na maioría deses países hai instaurados réximes oligárquicos apoiados por Occidente onde non só non está permitida a oposición política senón que, ao ser países islámicos, moitos deles están gobernados pola lei islámica, esa que coarta tanto os dereitos humanos. Así que, postos a elixir, se temos que ser gobernados por unha dictadura, é preferible que sexa aconfesional coma a de Sadam, non te deixa ser libre en política pero alomenos no resto dos ámbitos podes selo. O paradoxo é que Occidente quere acabar co sistema de goberno menos malo da zona. Gracias América, a nova nación que está a dar novas leccións de civismo á Vella Europa. Unha delas, proclamada polos seus telepredicadores, di que o Islam é inferior e merece ser destruído, non é broma que o din. Este tipo de cristianismo, por chamalo dalgún modo, ten moitos adeptos, incluíndo ao propio Bush claro. Deus abenzoe América.

14 de marzo de 2003.

Severino Portela Trastoy

Como tod@s sabemos, dende a catástrofe *provocada* do *Prestige*, nada é igual no noso país. Todo

parece andar revoltado, ¿e por que? Pois, moi sinxelamente, simplemente pola obsesión dun tal José María Aznar que, sendo dirixente dun partido político autodefinido de centrodereita, aínda que de centro só teña o seu pensamento de ser o embigo do mundo, considera que pode facer o que lle veña en gana. Sen embargo, é moi triste dicir que en España nunca se viu unha agrupación política tan de extrema dereita dende a *desaparición* da Falanxe.

Chama moito a atención comprobar como @s acérrimos votantes do partido da gaivota, esa que hoxe cae en picado coas ás envurulladas de petróleo, non se decatan de que son innumerábeis os recortes das liberdades levados a cabo nese país mal chamado España, pois quizais debería trocar o nome por *Estafa*.

Está sendo nestes últimos catro anos cando eses recortes ocasionan a maior recesión en todos os sentidos: dende a ditosa reválida, da que deberan examinarse todos os señores do *Partido Petrolífero*, ata o apoio ao terrorismo máis abominábel, o da guerra que están a organizar USA e Gran Bretaña. E vemos como Don Jose Mari practica un seguidismo cego dese texano ao que chaman Bush en vez de *Obús* (eses mísiles que só poden usar os USA e aliados porque os demais estarían incumprindo as normas internacionais...). Tampouco podemos esquecer a censura nas televisións e outros medios de comunicación de propiedade estatal, que non dan agachado de todo as meteduras de pezuño dos seus verdadeiros xefazos.

Unha cousa que ninguén pode entender na Galiza é que cheguen un par de impresentábeis e digan que a plataforma cidadá *Nunca Máis* intenta *batasunizar* o noso país.

Eu, dende aquí, queredo facerlle chegar unha mensaxe aos señores gobernantes tanto de España como da Xunta para dicirlles que non fai falla *batasunizar* Galiza, porque @s galeg@s somos persoas que sempre respectamos as ideas dos demais. Quizais non aturen ver como este país pelexa polo seu futuro, pola súa costa, pola súa vida. Xa vamos fart@s de teren que emigrar da nosa patria, desta vez loitamos na casa co apoio d@s que están fóra. Porque *poida que a Galiza non teña moitos*

habitantes, pero é que o mundo ten moitos galegos.


¿Por que aseguramos que a catástrofe foi provocada e hai responsábeis concretos? Pois a cousa é ben claraña:

-¿Foi ou non provocada sabendo a continua indefensión da nosa costa fronte ao paso anual, a menos de 6 millas, de 1.200 barcos perigosos cada ano?

-¿Foi ou non provocada se carecemos de tecnoloxía anticontaminante e dunha política de plans de emerxencia axeitados, malia ser unha zona de alto risco?

-¿Foi ou non provocada se o goberno da Xunta foi incapaz de facerse oír en Madrid diante desta verdadeira

¡VAIA CONCIENCIA!



emerxencia nacional?

-¿Foi ou non provocada logo de ver a complicidade do poder autonómico coa mentira, a información manipulada, a desinformación e a censura?

-¿Foi ou non provocada ao comprobaren a actuación dun goberno invisíbel e covarde, que chegou tarde, mal e ás arrastras cun frívolo e basto feixe de cartos no peto?

-¿Foi ou non provocada logo da negligencia criminal por non dispor do material preciso e dos medios mínimos para facer fronte á marea?

-¿Foi ou non provocada se o traballo dos voluntarios foi entorpecido e retardado para ver de agachar a carencia de medios e o caos organizativo?

-¿Foi ou non provocada cando a Xunta esqueceu as súas responsabilidades de goberno para converterse en intermediarios do dictado Madrid?

E aínda están sen resposta as reclamacións máis elementais da plataforma *Nunca Máis*: a declaración de Galiza coma zona catastrófica, a inmediata posta en marcha de mecanismos de prevención, o control do tráfico de mercadorías perigosas e do estado dos buques, a dotación e artellamento dun dispositivo de salvamento e anticontaminación, etc., etc..

É imperdoábel que determinados persoeiros dixeran con descaro, o día catro de decembro, cousas coma esta: "*O fuel solidificou e o ánimo da poboación galega está ben*". Pero para babecada maior unha das dita polo Sr. Fraga: "*Non hai censura cidadá polo Prestige, senón que uns radicais tentan sacar partido*". Isto é ben patético, que tal cousa diga unha persoa que está de acordo cunha guerra preventiva... Sr. Fraga, explíquenos, por favor, por qué non se poden ter medios de prevención contra as mareas negras cando aquí xa tivemos unhas cantas...

E agora, continuando coa teima do recorte de liberdades, mandan aos centros educativos unha circular que prohibe a exhibición de carteis a prol de **nunca máis** e a prol do **non á guerra**. Non queren que nenos e nenas, que a mocidade toda, aprendamos a rexeitar a guerra e a defender o medio ambiente. Dá vergoña que traten de silenciar ao alumnado desa maneira, iso supón un ataque frontal contra os nosos dereitos e contra a liberdade de expresión.

E para rematar, outra volta coa guerra. Cando miramos para as arrepiantes imaxes dos nenos, nenas, mulleres e homes masacrados, mutilados, rebentados polas bombas dos invasores angloamericanos en Iraq, témonos por forza que preguntar ¿terá conciencia Aznar? Pois se a ten debe estar moi ben asegurada...

Breogán Rioboo





2002: O CUMIO DE JOHAN- NESBURGO

Dez anos despois do Cumio de Río, tivo lugar en Johannesburgo, entre o 26 de agosto e o 4 de setembro de 2002, o Cumio Mundial das Nacións Unidas para o Desenvolvemento Sustentable (WWSSD). Neste Cumio estudiáronse os seguintes temas: auga, educación, saúde, desenvolvemento rural, agricultura, seguridade, desenvolvemento urbano, tratamento de residuos, transporte e tecnoloxía.

Ao mesmo tempo abriuse unha convocatoria universal dirixida aos gobernos e entidades non gobernamentais dos seguintes nove grupos: pobos indíxenas, autoridades locais, infancia e mocidade, mulleres, ONGs, traballadores, sindicatos, industria, negocios, comunidade científica, agricultores e gandeiros.

O comité preparador do cumio recibiu o nome de CSD10, por terse formado cun total de dez membros, dous por cada unha das cinco grandes rexións xeográficas consideradas (África, Asia e Pacífico, Europa e América do Norte, América Latina e Caribe, e Oeste de Asia).

En Johannesburgo concentráronse, ao longo destes dez días, as tensións e conflitos que axitan o noso planeta, as voces dos ricos e dos pobres, dos gobernos e dos cidadáns. Un dos obxectivos principais do Cumio foi o de facer balance e establecer compromisos.

O Cumio quixo e quere representar o escenario do acordo global que confirme a vontade decidida de traballar conxuntamente a prol da plena integración das dimensións económicas, sociais e medioambientais de toda a problemática que afecta hoxe á humanidade.

Despois do Cumio de Río, a globalización aparece como un fenómeno de grande incidencia económica, social e medioambiental. A sociedade percibe os aspectos positivos e negativos que ten este proceso. Pero a globalización ten de traballar a favor do desenvolvemento sustentable, respectando de xeito cabal a diversidade de sociedades e garantindo unha distribución igualitaria dos beneficios económicos.

O noso goberno e as institucións financeiras internacionais están obrigados a poñer en práctica os obxectivos que se dirixen, como un dos seus grandes retos, á desaparición da pobreza. Pero ¿cómo van fomentar a participación social se non inspiran a máis mínima confianza e non amosan mostras patentes dun compromiso firme?

Temos que conseguir un goberno que traballe a prol da paz, da seguridade, da estabilidade, un goberno que defenda os nosos dereitos e faga que se respecte a igualdade de xénero. Todo isto servirá para impedir o deterioro social e ambiental.

Será necesario modificar os modelos de produción e consumo, apostando polas novas enerxías. Na actualidade os problemas da desertización, os efectos climáticos adversos, o aumento do nivel do mar, etc., están a cuestionar o futuro do planeta; se lo-gramos inverter o actual camiño de degradación, os nosos descendentes haberánnolo agradecer.

Elena Delgado Vigo

Eu son Felipe Vázquez Fernández, de 1ª da E.S.O..

Levo neste instituto pouco máis dun trimestre e son un dos representantes do alumnado no Consello Escolar.

Os primeiros días no Instituto foron para min unha experiencia inesquecible, xa que as clases son máis divertidas que no colexio, aínda que os recreos son moi pequenos.

Nos primeiros recreos tomábanme moito o pelo por cantar cancións de *Os Palleiros* —un grupo de rock-folk que formei con meu irmán— e ata algunha profesora me advertiu para que non fora tan pallaso.

Cando foron as eleccións para delegados de Curso non me presentei como candidato, xa que era pouco coñecido na clase. Máis adiante, cando se celebraron as eleccións para o Consello Escolar presenteime porque con iso de cantar coñecíanme ata os de bacharelato.

Contra toda previsión saín elixido, e xa asistín a varias reunións nas que falei dos temas que preocupan aos meus compañeiros de Instituto, a quen consultaba no recreo.

Quero aproveitar este artigo para anunciar que se alguén quere propoñer algunha idea ou tema no Consello Escolar se poña en contacto comigo.

Felipe Vázquez Fernández



A CARTA DA ESPERANZA

Ferrol, marzo de 2003

Estimado José María Aznar:
 Son unha alumna de 1º curso da E.S.O., teño doce anos e estudio no Instituto de Ensino Secundario *Sofía Casanova* de Ferrol. Como non puiden asistir ás concentracións que contra a guerra de Iraq houbo nos Institutos da miña cidade, mándolle esta carta con boas intencións e esperanzas de paz.


Quero expresarlle, mellor dito, preciso explicarlle, toda a frustración que hai en España, nestes últimos meses, aínda que non considero oportuno, nin necesario, ter que lle explicar en que consiste a democracia....

Pero, quizais, si necesita que lle expresemos a dor e a inxustiza que vostede vai ocasionar ao pobo de Iraq. E sobre todo, parécenme unha vergoña esas probas presentadas contra Iraq, e que o goberno dos Estado Unidos desprece a opinión dos inspectores da ONU, que negan que Iraq sexa un perigo para os EE.UU.. E eu pregunto, ¿pensou vostede, nalgún momento, a catástrofe que supón a 3ª guerra mundial?, ¿pensou vostede nos dereitos que temos os españois?, ¿impórtalle algo a nosa opinión? Porque, actualmente, é vostede quen nos representa.... ¿Quen, se non, loitará polos nosos dereitos? É vostede, señor Aznar, quen se alía con George Bush, rise do mundo e xoga coa morte de millóns de persoas.

Con humildade, e sen moitas esperanzas, considero que vostede, señor Presidente, non vai facer caso do que diga esta alumna de Ferrol, incapaz que son de facer cambiar a política do mundo, pero agardo que esta carta si sirva para que vostede recapacite, e voe xunto á pomba da paz, en vez de pilotar o avión militar.

Reciba, logo, os meus saúdos. Atentamente,

Raquel Ferrández Formoso





—**XÉNESE**, principio do abismo caracol; 5 a.C.


Monótonas sombras arredor da figura imperfecta da nena que mira para o infinito ceo. A choiva esvae o seu reflexo líquido que aparece nas pozas do chan. Suor noxento mata o rostro antes risoiño, mans esnaquizadas pola presión de agochar a desesperación, pingas continuas de dó, recordos grises, imaxes sen significado, dor de non saber que fai un nesta néboa. Farta de escoitar o eco do seu propio silencio a cativa érguese notando o sabor ocre do sangue que desprende a escuridade, bágoas de impotencia agardan a explicación do encerro, agardan os motivos que explican as torturas daquelas formas que fixeron dela o que é agora. Un reloxo invisible que non ten fin...

—**TRAZOS GRISES**, pensamentos desordenados; 4 a.C

As ratas buscan o alimento entre as persoas que agardan a esperanza. Non sei canto tempo estiven alí sentado mirando para as paredes; dende esa posición puideron deducir que cristo non só é unha mentira se non que tamén é unha arma. A realidade dos pensamentos pode ser diferencial, depende do contorno que esteamos a vivir, nestes momentos no que a cabeza non esta no seu sitio a

un se lle ocorren interminables cuestións e longuísimas conferencias que, tal vez, algún día poda pronunciar. Estiven a cismar ata que unha voz saíu da nada ferindo o son oscilante do vento:

—¿Quen es? ¿Que fas? ¿Onde queres chegar? A voz cesou durante uns minutos. Logo comezou a berrar cada vez máis forte: —¡MORTE!



Darío Fernández Fernández

SOPAS DE LETRAS

Pablo Ortega Blanco

L	U	M	B	R	I	G	A	N	T	E
A	T	S	O	G	A	L	T	T	R	S
R	T	E	U	O	B	L	O	P	E	T
P	U	B	I	G	H	B	T	N	W	R
O	I	E	O	F	L	V	N	M	Q	E
Q	W	C	P	D	Ñ	C	E	L	Z	L
A	E	R	A	S	Z	X	C	D	X	A
S	G	E	S	P	O	N	X	A	C	M
D	F	P	H	L	Ñ	M	N	B	V	A
L	O	N	G	U	E	I	R	O	N	R

Á PROCURA DE 8 INVERTEBRADOS

E	R	T	E	H	O	P
T	U	A	S	F	D	L
T	A	M	B	R	E	C
R	E	W	E	Q	R	X
V	B	N	P	O	B	V
O	E	D	N	A	M	B
Ñ	Z	T	U	I	A	N
I	R	R	U	L	L	A
M	W	Q	A	F	G	M
E	A	S	D	Z	H	L

Á PROCURA DE 7 RÍOS GALEGOS

Test de intelixencia sobre a invasión de Iraq

Test de intelixencia sobre a invasión de Iraq, preparado por un tal **Daniel Quinn**,

que anda a circular polos correos electrónicos dos internautas. ¿Necesitas argumentos para xustificarse a invasión e conquista de Iraq?

1.Pregunta. ¿Que porcentaxe da poboación mundial ten os Estados Unidos? -Respota. O 6%

2.Preg. ¿Que porcentaxe da riqueza mundial ten os Estados Unidos? -Resp. O 50%

3.Preg. ¿Que país ten a maior reserva petroleira do mundo? -Resp. Arabia Saudita.

4.Preg. ¿Que país ten a segunda reserva petroleira do mundo? -Resp. Iraq.

5.Preg. ¿A canto ascende o orzamento militar anual de todo o mundo?

-Resp. Máis de un billón de euros.

6.Preg. Deste total, ¿canto gastan os Estados Unidos?

-Resp. 50%

7.Preg. ¿Que porcentaxe do gasto militar dos Estados Unidos podería asegurar o esencial para cubrir as necesidades básicas dos países do Terceiro Mundo segundo a ONU?

-Resp. O 10%.

8.Preg. ¿Cantas persoas morreron a causa de guerras desde a Segunda Guerra Mundial? -Resp. 86 millóns.

9.Preg. ¿Desde cando tivo Iraq armas químicas e biolóxicas? -Resp. Desde principios dos anos 80.

10. Preg. ¿Desenvolveu o goberno de Iraq estas armas químicas e biolóxicas pola súa conta? -Resp. Non, os materiais e a tecnoloxía foron subministrados polo goberno dos Estados Unidos, Grande Bretaña e corporacións privadas.

11. Preg. Condenou o goberno dos Estados Unidos o uso de gas venenoso por parte de Iraq na guerra contra Irán?

-Resp. Non.

12. Preg. ¿Cantas persoas gaseou Saddam Hussein na aldea curda de Halabja en 1988? -Resp. 5.000 persoas.

13. Preg. ¿Cantos países occidentais condenaron daquela esa acción? -Resp. Ningún.

14. Preg. ¿Cantos litros do “axente químico laranxa” utilizou Estados Unidos no Vietnam?

-Resp. Máis de 35 millóns de litros.

15. Preg. ¿Existen probas da vinculación entre Iraq e os atentados do 11 de setembro de 2001? -Resp. Non

16. Preg. ¿Cal é o número estimado de baixas civís na Guerra do Golfo? -Resp. 35.000 persoas.

17. Preg. ¿Cantas baixas causou o exército iraquí nas tropas occidentais durante a Guerra do Golfo?

-Resp. Unha vintena.



18. Preg. ¿Cantos militares iraquís en retirada foron enterrados vivos polos tanques de Estados Unidos adaptados especialmente para iso? -Resp. 6.000.

19. Preg. ¿Cantas toneladas de uranio empobrecido foron deixadas en Iraq e Kuwait despois da Guerra do Golfo? -Resp. 40 toneladas.

20. Preg. Segundo a ONU, ¿en que porcentaxe aumentou o cancro en Iraq de 1991 a 1994? -Resp. 700%

21. Preg. ¿Que porcentaxe da capacidade militar iraquí proclamaron ter destruído os Estados Unidos en 1991? -Resp. 80%

22. Preg. Existe algunha evidencia de que Iraq se propoña usar o seu armamento para algo mais que para defenderse? -Resp. Non.

23. Preg. ¿Representa Iraq na actualidade unha ameaza á paz mundial maior que hai 10 anos? -Resp. Non.

24. Preg. ¿Cantos civís espera o Pentágono que morran en Iraq como resultado do ataque militar norteamericano? -Resp. 10.000.

25. Preg. ¿Cantos deses serán nenos? -Resp. O 50%

26. Preg. ¿Cantos anos veñen efectuando ataques aéreos os Estados Unidos contra Iraq? -Resp. 11 anos.

27. Preg. ¿Cantas resolucións das Nacións Unidas incumpriu Israel ata 1992? -Resp. Máis de 65.

28. Preg. ¿Cantas resolucións das Nacións Unidas sobre Israel foron vetadas polos Estados Unidos entre 1972 e 1990? -Resp. Máis de 30.

29. Preg. ¿Cantos países teñen armas nucleares? -Resp. 8.



30. Preg. ¿Cantas armas nucleares ten Iraq? -Resp. Ningunha.

31. Preg. ¿Cantas cabezas nucleares ten Estados Unidos? -Resp. Máis de 10.000.

32. Preg. ¿Cal foi o único país que usou armas nucleares provocando destrución masiva en dúas ocasións? -Resp. Os Estados Unidos.

33. Preg. ¿Cantas cabezas nucleares ten Israel? -Resp. Máis de 400.

34. Preg. ¿Quen dixo: “As nosas vidas rematarán o día que silenciemos as cousas que realmente importan”?

-Resp. Dr. Martin Luther King, Jr..

POLA BOCA MORRE O PEIXE ou CRONOLOXÍA DA INCOMPETENCIA

-14/nov./02. *Probablemente o fuel non toque a costa galega.*

Arsenio Fernández de Mesa, delegado do goberno español.

-15/nov./02. *Xa pasou o perigo máis grave.*

Manuel Fraga, presidente da Xunta de Galiza.

-15/nov./02. *O petroleiro xa non perde fuel.*

Ministerio de Fomento.

-16/nov./02. *Xa, a 60 millas, o risco non é alto.*

Enrique López Veiga, conselleiro de Pesca.

-16/nov./02. *Afortunadamente, a rápida intervención das autoridades españolas, afastando o barco das costas, permítenos non temer unha catástrofe ecolóxica nin grandes problemas para os recursos pesqueiros.* **Miguel Arias Cañete**, ministro de Agricultura e Pesca do goberno español.

-16/nov./02. *Non constitúe unha maré negra, senón só un vertido, pois trátase de fuel e non de petróleo.*

García Bobadilla, director de Conservación da Natureza.

-17/nov./02. *Todo o fuel derramado que tiña que chegar á costa xa chegou.* **Enrique López Veiga**, consllro. de Pesca.

-17/nov./02. *Non se pode falar dunha maré negra xa que son manchas negras e dispersas.*

López-Sors, director xeral da Mariña Mercante.

-19/nov./02. *O destino do fuel no fondo do mar é converterse en pedra.* **Arsenio Fdez. de Mesa**, delegado do goberno.

-21/nov./02. *Hai unha cifra clara, e é que a cantidade vertida non se sabe.* **Arsenio Fernández de Mesa**, delegado en Galiza do goberno español.

-22/nov./02. *O buque perdeu algo de fuel ao remolcalo.*

Mariano Rajoy, vicepresidente do goberno español.

-23/nov./02. *Non é, de maneira ningunha, una maré negra, trátase só de manchas moi localizadas.*

Mariano Rajoy, vicepresidente do goberno español.

-30/nov./02. *A impresión do goberno é que o fuel solidificou e o que alí hai é aceite e combustible do barco.*


Mariano Rajoy, vicepresidente do goberno español.

-5/dec./02. *Observáronse catro regueiros case solidificados con aspecto de plastilina en estiramento vertical.*

Mariano Rajoy, vicepresidente do goberno español.

-30/xan./03. *Os polbos teñen un estraño instinto para fuxir. O mexillón é capaz de limpar, el só, todo o que lle boten. Os crustáceos son inmunes aos hidrocarburos.*

Manuel Fraga, presidente da Xunta de Galiza impartindo unha triple lección de zooloxía.




EVOLUCIÓN DO CONCEPTO DE LIBERDADE, DEMOCRACIA E DEREITOS HUMANOS PARA OS ESTADOS UNIDOS DE NORTEAMÉRICA DENDE 1928 A 2003.

CAMPANADES A MORTS, Lluís Llach

Assassins de raons, de vides,
que mai no tingueu repòs en cap dels vostres dies
i que en la mort us persegueixin les nostres memòries.

Asasinos de razóns, de vidas,
que nunca teñades acougo ao longo dos vosos días
e que na morte vos persigan as nosas memorias.



Linchamento dun home afroamericano en Tylor, Texas, 1928.



Coa excusa da guerra preventiva, roubo do petróleo iraquí e carnicería *humanitaria* da poboación civil gracias á acción milagreira das bombas *intelixentes*. Bagdad, 2003.

TRES DÍAS EN ANCARES

O comezo da nosa viaxe aconteceu o mércores 23 de outubro, cando arredor das catro da tarde, e cargados coas nosas lixeiras equipaxes, montamos no autobús que varias horas máis tarde chegaría ao noso destino: o refuxio de Ancares.

Unha vez acomodados en grandes cuartos con liteiras fomos guiados cara a Aula da Natureza polas encargadas das instalacións, que nos amosaron imaxes e maquetas gracias ás que puidemos familiarizarnos coa fauna e a flora



autóctonas.

Á mañá seguinte, e logo do regulamentario descanso..., a nosa saída para explorar os arredores viuse frustrada polo clima –dioivaba sen acougo–, pero aínda así o tempo mellorou lixeiramente á tarde e os máis decididos fixemos un breve percorrido polo lugar.

Por último, e tras outra noite de profundo repouso e moito durmir, o venres erguémonos cedo para visitar máis a fondo a zona, chegando ata Cabana Vella, un lugar de frondosa vexetación onde o profesor Xoán R. Silvar desempeñou á perfección o seu papel de fotógrafo consumado. Logo do fatigoso camiño de volta ao refuxio, o autobús levounos ata a zona de Donís, onde comemos a carón dun pequeno regato. Posteriormente visitamos as pallozas de Piornedo, que nos axudaron a coñecer mellor a forma de vida dos galegos na época prerromana.

Finalmente, o autobús colleu camiño de volta para o instituto. Atrás quedaban a vexetación de Ancares e a súa beleza, agora os nosos pais e a rutina nos agardaban.

Carolina Aneiros Suárez

Ruth Llano Fontela

(Vén da páxina 12)

quista non tiña personalidade xurídica, senón que era un anexo do seu pai, do seu marido ou do seu irmán. O papel que o franquismo daba ás mulleres era un papel pasivo, de nai, de enfermeira, de esposa, negándolle no máximo grao posíbel unha vida activa. No caso do sistema escolar tiñan materias como labores do fogar e logo enfocábanas a carreiras profesionais que non fosen técnicas. Se toda a poboación estaba oprimida durante a ditadura franquista, as mulleres eran un sector dobremente oprimido.

-¿Coñécese, a día de hoxe, o número de vítimas mortais que en todo o Estado a represión franquista causou entre a resistencia democrática ao réxime dictatorial dende o remate da guerra civil en 1939 e a desaparición do dictador en 1975?

-Non. O número nunca se poderá saber, pero as cifras aproximadas cóntanse por decenas de miles de represaliados mortos en todo o Estado. Para Galicia estimamos unhas 1.000 ou 2.000 vítimas mortais, pero o número que pedides é imposible de esclarecer.

-¿Imparte as súas clases en lingua galega?

¿Pensa que o resto dos mestres e mestras utilizan o galego na clase?

-Imparto, si, de sempre. Dou as clases en lingua galega dende que comecei na docencia no 1974. Respecto ao resto dos mestres, pois uns si e outros non, o caso é que non se están a cumprir os decretos de normalización.

-¿Hai Equipo de Normalización Lingüística no I.E.S. Concepción Arenal? ¿Pensa que funciona ben?

-Funciona, funciona. E quizais é o máis potente da comarca. Procura traballar ben, pero non hai boa vontade por parte das institucións educativas. Os equipos fan o que poden e fan moito, unha boa mostra é esta revista, Planeta Lingua, que publicades no voso instituto.

-Aínda que esperamos que o alumnado coñeza este dato, ¿como era a situación da nosa lingua durante o franquismo?

-A lingua galega era unha lingua que se usaba, que se utilizaba oralmente pero que non se escribía porque non se proporcionaba a necesaria capacitación técnica na escola. Había unha represión moi forte contra o ensino en galego, e era moi común, por exemplo, castigar aos alumnos que usaban o galego.

Ariana Ares Dopico
Andrea Pardo Mesías

DE CONVERSA CO HISTORIADOR BERNARDO MAIZ



Bernardo Maiz Vázquez naceu en 1950, ten dous fillos e vive no Seixo. É catedrático de Historia e doutor en Historia Contemporánea. Imparte clases no instituto *Concepción Arenal* e pertence á *Asociación Memoria Histórica Democrática*.

-Para comezar e coñecer un pouco máis como é vostede, ¿que é o que máis lle gusta do seu traballo coma mestre de historia?

-Axudar á xente a descubrir o por qué das cousas que están a pasar agora, pois a historia non serve para adiviñar o futuro, senón para aprender.

-Fálenos do proxecto no que está a traballar agora: a Asociación Memoria Histórica Democrática.

-Eu comecei a estudar o tema do que ocorrera en Galicia, logo da IIª República e a guerra civil, hai moitos anos, de feito doctoreime en Historia en 1984, cunha tese, precisamente, sobre o antifranquismo en Galicia. De aí en adiante seguí investigando o tema e, hai aproximadamente ano e medio, decidín constituír, no canto de indagar só pola miña conta, unha asociación e legalizala para investigar sobre a represión na comarca de Ferrol. O que tratamos de estudar vai dende o que sucedera a conta do alzamento militar de xullo do 36 ata os vinte anos seguintes, que foron os anos máis duros da represión franquista.



-Hai moitos aspectos do franquismo descoñecidos que están a investigar, ¿podería poñernos algún exemplo?

-Nós traballamos nas seguintes liñas: unha liña é facer un listado de toda a xente que foi asasinada como consecuencia do alzamento militar do 36 e ata os anos cincuenta. Non só un listado de nomes senón, afondando máis en cada persoa, quen eran, circunstancias familiares e a súa extracción política. A outra liña de traballo é investigar os Consellos de Guerra, levamos mirados en torno a cincocentos, tanto os que levaba a diante o Exército de terra coma a Mariña de guerra. E agora estamos transcribindo todo ese material para editalo. E hai tamén unha terceira liña, que a nós non nos gusta, que trata o tema de abrir fosas comúns que comezou na zona de Ponferrada hai uns anos.

-¿Como era a vida da muller durante a dictadura franquista?

Non tiña vida. A muller durante a dictadura fran-

(Continúa na páxina 11)